



CentroComercialAberto

ASETEM



EMPRESA

O comercio da vila únese á nova edición dos Días Azuis **P8**

MELIDE

O CEIP Mestre Pastor Barral pon en valor os hórreos **P13**

COMARCA

Toques conta cun novo coche para a área de servizos sociais **P17**

ENTREVISTA



Sonia Segade,
El Dándolo e Sueños **P23**

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XX - Nº 242. Abril 2026. Distribución gratuíta

Asetem pon en marcha a nova campaña comercial “O tradicional é mercar aquí”

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide porá en marcha entre o 20 de abril e o 3 de maio a campaña “O tradicional é mercar aquí”, unha iniciativa destinada a fomentar as compras no comercio local e premiar a fidelidade da clientela dos establecementos asociados.

Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos que realicen compras por un importe mínimo de 15 euros nos comercios e establecementos adheridos á campaña. **P3**



Melide celebrará a 19ª Foliada o 25 e 26 de abril



Melide celebrará os días 25 e 26 de abril a súa 19ª Foliada, unha das citas máis destacadas da cultura tradicional galega, que volverá converter a vila nun punto de encontro para a música e o baile. **P12**

O Congreso esLibre será os días 17 e 18 deste mes



Falamos con Rafa Gayoso e Jorge Lama, parte de directiva da Asociación Melisa, organizadores do Congreso esLibre que se celebra os días 17 e 18 de abril en Melide. **P20**



TOQUES 981 50 59 71
CTRA MELIDE-TOQUES KMB
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30

MELIDE 661 26 02 96
N-547, 15800 Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00 16:30 a 20:30

CALIDAD SUPERIOR, PRECIO AMIGO

TEXTIL SUAVE

FIRMEZA MEDIA

VISCO DE ALTA DENSIDAD

MÁXIMO CONFORT

DORMIR EN PAREJA

Porque cada descanso es único, fabricamos lo que necesitas.

Tribuna de opinión

Os estadios de fútbol e o racismo

O pasado martes, a selección masculina de fútbol xogou un partido contra Exipto pero neste caso o resultado (un empate a cero) non foi o máis destacado, por desgraza, do encontro.

Durante o partido decenas de siareiros de España puxéronse a berrar cánticos racistas como: “musulmán el que no bote”. Pregúntome eu, que hai de malo en ser crente da relixión musulmá? O mesmo que ser crente de calquera outra relixión ou que ser ateo, nada.

Estes cánticos son mostra dun delito de odio pero tamén dun problema moito máis profundo: a normalización do racismo en espazos públicos baixo o paraugas cómplice de “só é fútbol” ou “só catro gatos”. Isto é un reflexo da sociedade actual, de como nos compartamos e da intolerancia que nos reina.

O máis grave é que este tipo de comportamentos non nacen da nada. Aliméntanse dun discurso social que bana-



Unha pelota de fútbol coa palabra “racismo” sobre o céspede. / Foto: iStock

liza o odio, que mira para outro lado e que só reacciona cando hai sancións económicas. O fútbol convértese así nun escaparate de intolerancia que dana non só ás persoas directamente atacadas, senón á sociedade no seu conxunto.

Resulta bastante preocupante que o adestrador da selección, o presidente da Federación ou incluso os propios futbolistas alí presentes non teñan unha reacción inmediata e contundente contra estes comportamentos denigran-

tes. De feito, os futbolistas logo do partido achegáronse ás gradas para aplaudir, un xesto que pode parecer inofensivo pero que demonstra a pouca conciencia que teñen dun acto tan grave como o é cantar lemas racistas.

Insultar, violentar e denigrar nos campos de fútbol sae moi barato. Unha vez máis, a relixión volve ser tema polo que crear discriminacións e diferenzas, así como a desculpa de persoas, con escasas neuronas, para ir contra un colectivo.

Editorial

Estas vacacións: turismo de proximidade

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



A Capela do Carme, un dos grandes atractivos da vila. / Foto: Turismo Melide

Dende Asetem defendemos unha idea sinxela, pero fundamental: non fai falta ir lonxe para vivir experiencias únicas. Moitas veces pasamos por alto os tesouros que temos ao noso carón, esas paisaxes, vilas, festas, rutas e negocios que forman parte do noso día a día e que, precisamente por iso, deixamos de mirar con ollos de visitante.

O turismo de proximidade é unha aposta consciente polo territorio, polas persoas que viven nel e polo futuro das nosas vilas. Des-

cubrir unha carballeira, un miradoiro, un museo local ou unha feira tradicional é tamén entrar nun comercio, tomar algo nun bar da zona ou mercar un produto feito aquí.

Cada visita conta, non só para os negocios, senón para manter viva a actividade económica, social e cultural. O comercio local non é só un lugar onde mercar: é un espazo de encontro. Ademais, apostar polo turismo de proximidade é tamén unha forma de co-
dar o medio ambiente.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Vanesa de Quinzán

AGRADECIMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....17
- COLABORACIÓN.....10
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23

Asetem prepara a campaña “O tradicional é mercar aquí” para apoiar os establecementos de proximidade



Imaxe principal do cartel da nova campaña “O tradicional é mercar aquí”, na cal se ve unha bolsa de Asetem que pasa dunhas mans a outras imitando a comerciantes e clientela. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide porá en marcha entre o 20 de abril e o 3 de maio a campaña “O tradicional é mercar aquí”, unha iniciativa destinada a fomentar as compras no comercio local e premiar a fidelidade da clientela dos establecementos asociados.

Poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos que realicen compras por un importe mínimo de 15 euros nos comercios e establecementos adheridos á campaña. Para entrar no

sorteo, será necesario subir o ticket de compra á App de ASETEM dentro do período establecido.

Entre todas as persoas participantes sortearase unha “semana de compras” valorada en 200 euros, que se repartirá en catro vales de 50 euros para gastar en diferentes sectores do comercio local: moda e complementos; alimentación, bebidas e hostalería; servizos; e outros sectores.

Ademais, o sábado 2 de maio instalarase un *photocall* na Praza do Con-

vento, onde a veciñanza poderá sacarse fotos co lema da campaña. Entre todas as imaxes que se suban ás redes sociais desde ese espazo sortearase un vale de compra de 30 euros para gastar nos comercios asociados. As persoas participantes deberán etiquetar e seguir a ASETEM e empregar o hashtag #otradicionalémerca aquí en plataformas como Instagram, Facebook ou X. Segundo se indica nas bases, todas as fotos subidas terán premio directo.

A campaña inclúe

tamén accións complementarias para dar visibilidade ao comercio de proximidade e agradecer a fidelidade da clientela. Así, durante a mañá do 3 de maio, os establecementos asociados repartirán unha pequena planta como agasallo ás persoas que realicen compras.

Desde ASETEM destacan que esta campaña busca reforzar o vínculo entre a veciñanza e o comercio local, poñendo en valor o papel dos establecementos de proximidade como mo-

tor económico e social de Melide.

A directiva da Asociación comercial fan fincapé na importancia de que os responsables, traballadores e traballadoras dos establecementos difundan e dean coñecer esta iniciativa entre a clientela para xuntos realizar unha gran campaña cun forte impacto para o comercio de proximidade. A maiores, tamén animan á veciñanza a participar desta actividade e a comprar nos establecementos locais da vila.

CHINCHES?

Plagostel
control de riesgos ambientales

▶ **Llámanos**

▶ ☎ **698179968 / 986118714**

▶ ✉ **administracion@plagostel.com**

O establecemento Óptica Tábora de Melide únese ao programa Carné +65



Yolanda, responsable de Óptica Tábora en Melide, xunto coa conselleira de Política Social. / Foto: Xunta de Galicia

Óptica Tábora, establecemento situado en Melide, vén de incorporarse ao programa Carné +65, unha iniciativa da Xunta de Galicia dirixida a promover o envellecemento activo e saudable entre as persoas maiores. A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou o negocio para facer entrega do

distintivo que acredita a súa adhesión ao programa.

Durante a visita, a conselleira animou ás persoas maiores a facer uso das vantaxes que ofrece o Carné +65, un instrumento que permite acceder a descontos, promocións e beneficios en servizos relacionados coa saúde e o benestar. Segundo destacou, trátase

dun programa pioneiro que busca mellorar a calidade de vida da poboación sénior e fomentar a súa participación activa na sociedade.

Coa súa incorporación ao Carné +65, a Óptica Tábora ofrece ás persoas usuarias deste carné descontos de ata o 30% na adquisición de gafas e audífonos.

O Goberno galego impulsa as axudas do Bono Remuda




Unha persoa con experiencia ensinándolle o oficio a un mozo. / Foto: iStock

O Goberno galego trasladou o seu apoio aos negocios locais que afrontan procesos de remuda xeracional, especialmente aqueles nos que o traspaso se produce fóra do ámbito familiar. Neste contexto, destaca o Bono Remuda, dotado con 1,5 millóns de euros e incluído na orde unificada de axudas para persoas autónomas, co

obxectivo de garantir a continuidade destes establecementos.

Esta liña de axudas ofrece apoio económico tanto ás persoas que asumen o relevo empresarial como a quen traspasa o negocio por xubilación, e complétase cun servizo de asesoramento gratuito a través da Rede de Polos da Xunta.

A Xunta de Galicia abre o prazo para que os comercios locais se adhiran á nova edición dos bonos Activa Comercio 2026



Unha imaxe de promoción para a descarga dos Bonos Activa Comercio. / Foto: Xunta de Galicia

A Xunta abriu o pasado 27 de marzo o prazo para que os establecementos comerciais poidan adherirse á campaña dos bonos Activa Comercio 2026, unha iniciativa destinada a impulsar o consumo no comercio de

proximidade e apoiar tanto aos negocios como ás persoas consumidoras.

Unha das principais novidades do programa, incorporada xa o ano pasado, é que os establecementos interesados só terán que

inscribirse unha única vez, sendo esta adhesión válida para todas as edicións dos bonos que se convoquen ao longo de 2026. Con esta medida, o Goberno galego busca avanzar na simplificación administrativa e

facilitar a participación do tecido comercial.

A apertura do prazo de adhesión dos negocios constitúe o paso previo á activación dos bonos para a cidadanía, unha fase para a que os prazos concretos se fixarán nas correspondentes ordes de convocatoria de cada edición. Como en anos anteriores, os bonos estarán dispoñibles en formato dixital a través da páxina web www.bonosactivacomercio.gal.

Para este ano, a Xunta destinará un crédito inicial de 5 millóns de euros a esta campaña, co obxectivo de revalidar o éxito acadado nas convocatorias anteriores. En 2025, esta iniciativa permitiu mobili-

zar arredor de 22,3 millóns de euros en vendas, grazas a case 400.000 compras realizadas nos máis de 7.400 comercios adheridos en toda Galicia. Desde a súa posta en marcha en 2021, os Bonos Activa Comercio xeraron xa máis de 122 millóns de euros en vendas.

Esta medida enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, deseñado para apoiar os máis de 32.000 establecementos comerciais da comunidade, que dan emprego a preto de 107.000 persoas. O plan inclúe tamén outras actuacións, como axudas á dixitalización e innovación, así como á modernización e mellora da eficiencia.

Aberto o prazo de subvencións do Goberno autonómico para mellorar as infraestruturas turísticas e de restauración



Un traballado amañando unha ducha da habitación dun establecemento hoteleiro. / Foto: iStock

Os establecementos turísticos de aloxamento e restauración contan cunha nova oportunidade para mellorar as súas instalacións grazas á convocatoria de subvencións destinadas á modernización e mellora das infraestruturas turísticas, cuxo prazo de solicitude permanecerá aberto ata o 13 de abril de 2026.

Estas axudas están dirixidas a persoas físicas e xurídicas, así como a pequenas e medianas empresas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e restauración que contan coa correspondente autorización ou clasificación no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT). Entre os requisitos figura

que a actividade turística teña unha antigüidade mínima de cinco anos e que os solicitantes sexan propietarios dos inmobles ou dispoñan do dereito de uso durante todo o período no que se esixa manter a actividade.

Poderán acollerse a esta liña de subvencións establecementos hoteleiros,

campamentos de turismo, aloxamentos de turismo rural, apartamentos turísticos e albergues, así como restaurantes incluídos no Grupo I e debidamente inscritos no REAT. O obxectivo principal da convocatoria é impulsar a calidade, a accesibilidade e a modernización da oferta turística, favorecendo ao mesmo tempo a competitividade do sector.

Os investimentos subvencionables poderán alcanzar un importe máximo de 100.000 euros por proxecto, sempre que as actuacións se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2026. Entre as actuacións que poderán recibir financiamento atópanse as melloras da accesibilidade e a eliminación de barreiras arquitectónicas, a renovación e modernización das instalacións, o embelecemento do contorno, así como a adquisición de equipamento moble necesario para o funcionamento dos establecemen-

tos.

Tamén se inclúen actuacións orientadas á mellora da eficiencia enerxética, como a modernización dos sistemas de climatización, extracción e renovación do aire, así como investimentos en dixitalización dos sistemas de xestión e comercialización. Ademais, serán subvencionables os proxectos destinados a cumprir modificacións normativas ou a mellorar a clasificación do establecemento, sempre que iso supoña un incremento de categoría, así como aquelas actuacións encamiñadas á obtención de certificacións de calidade turística.

A contía destas axudas económicas situarase entre o 40% e o 60% do investimento neto subvencionable, en función da puntuación obtida na baremación da solicitude, pero sempre cun máximo de 60.000 euros por entidade beneficiaria.

O Congreso aproba o plan coas medidas anticrise pola guerra en Oriente Medio



Unha persoa enchendo o depósito do coche nunha gasolinera. / Foto:iStock

O Congreso dos Deputados aprobou esta semana o plan anticrise impulsado polo Goberno central para facer fronte aos efectos económicos da guerra en Oriente Medio, un paquete de medidas valorado en 5.000

millóns de euros que terá incidencia directa no peto das familias e na actividade económica.

O real decreto-lei saíu adiante cos votos favorables dos partidos da maioría da investidura,

mentres que PP e Podemos se abstiveron e Vox votou en contra. O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, apelou durante o debate ao “patriotismo” e á “responsabilidade” dos grupos parlamentarios para apoiar unhas medidas que, segundo defendeu, xa están a ter efectos positivos na vida cotiá da cidadanía.

Entre as actuacións máis destacadas do plan atópase a rebaixa do IVE dos carburantes e das facturas de gas e electricidade, que pasa do 21% ao 10%. Esta medida permitirá que arredor de 20 millóns de fogares vexan reducida a súa factura eléctrica, algo especialmente relevante nun contexto de encarecemento do custo da vida que tamén se deixa sentir na comarca.

O decreto inclúe tamén bonificacións nos carburantes, cun desconto de ata 30 céntimos por litro, así como axudas directas ao sector primario, un dos máis expostos á volatilidade dos prezos da enerxía. En concreto, establécese unha compensación de 20 céntimos por litro de gasóleo para agricultores, gandeiros, transportistas e pescadores, ademais dunha axuda equivalente para a compra de fertilizantes.

O ministro de Economía, Carlos Cuerpo, defendeu no Congreso que o Goberno está a actuar de maneira “temperá” fronte aos efectos do conflito, lembrando que este paquete de medidas chegou apenas vinte días despois do inicio da actual crise internacional, mellorando os prazos de resposta doutras situacións anteriores.

O plan anticrise

tamén contempla apoios ás industrias electrointensivas, outro sector especialmente sensible ao prezo da enerxía, co obxectivo de manter a actividade económica e o emprego.

Quedaron fóra deste decreto, porén, as medidas relacionadas coa vivenda, como a prórroga automática dos contratos de alugueiro ou o límite do 2% ás subas anuais, que se tramitarán nun decreto separado e serán debatidas máis adiante debido á falta de consenso parlamentario.

Desde o Goberno do Estado insisten en que este conxunto de actuacións e medidas pretende aliviar o impacto da inflación, garantir a protección das familias e apoiar os sectores produtivos máis afectados, como é o agrario e dos transportes, nun contexto internacional marcado pola inestabilidade.

O Congreso do SLG reivindica o papel estratéxico das granxas

O Congreso do Sector Lácteo do Sindicato Labrego Galego (SLG) celebrouse cunha mensaxe clara de defensa das granxas galegas e do seu peso económico e social en Galicia. O encontro tivo lugar nun momento especialmente delicado para o sector, marcado pola renovación dos contratos do leite, o incremento dos custos de produción e o peche continuado de explotacións.

Durante o Congreso foi reelixido Manolo Villaverde, gandeiro de Forcarei, como responsábel do Sector do Leite do SLG, mentres que a gandeira de Cesuras Eva Rodríguez Rodríguez asumiu a vicerresponsabilidade do sector. Ademais, presentouse a nova dirección comarcal, que será encargada de canalizar as demandas das produtoras e produtores nos distintos territorios.

Na súa intervención, Villaverde advertiu da situación límite que atravesan moitas explotacións. “Estamos nun momento de alza de custos no que parece que temos que pedir perdón

polo que cobramos”, afirmou, denunciando tamén a aparición de novas enfermidades animais, os recortes previstos na Política Agraria Común (PAC) e as recentes ofertas de baixada de prezos por parte da industria. “O alimento con máis marca de Galiza é o leite, e iso non o podemos esquecer”, subliñou.

A secretaria xeral do SLG, María Ferreiro, abriu o Congreso chamando á unidade do sector e á defensa colectiva. “Temos que dignificar e valorizar o que facemos, e para iso contamos cunha ferramenta fundamental: a nosa organización”, destacou, incidindo na importancia do sindicato como espazo de loita e apoio mutuo.

Un dos puntos centrais do debate foi a práctica abusiva das industrias lácteas, que, segundo denunciou o SLG, imponen condicións contractuais de maneira unilateral. A gandeira Isabel Vilalba, integrante da Executiva Nacional, sinalou que “seguimos tendo os prezos máis baixos



Persoas que acudiron ao Congreso do Sector Lácteo do Sindicato Labrego Galego. / Foto: Sindicato Labrego Galego

do Estado, mentres os custos non deixan de subir”. Para Vilalba, “o camiño pasa por construír unha cadea de valor que cubra sempre os custos de produción e permita vivir dignamente do noso traballo”.

O Congreso abordou tamén o futuro da PAC 2028-2034, alertando dun recorte orzamentario que

podería acadar o 20% e dunha orientación que, segundo o sindicato, segue favorecendo a terra e o capital fronte ás persoas labregas. Ana Rodríguez, ata agora vicerresponsábel do sector, advertiu do risco de renacionalización da PAC e do aumento das desigualdades entre países e produtoras.

Outro dos grandes

desafíos analizados foi o relevo xeracional. A moza gandeira Irea Blanco Rodríguez, que se prepara para coller o relevo da granxa familiar, puxo o foco nas dificultades para atraer xente nova ao sector e na necesidade de explorar novas vías de comercialización que reduzan a dependencia da industria.

A Plataforma Ulloa Viva, xunto con outras entidades, inicia unha campaña de sinaturas para reclamar o peche definitivo de Altri



Varios membros das tres entidades na rolda de prensa onde se comunicou esta nova acción. / Foto: Plataforma Ulloa Viva

As plataformas Ulloa Viva, En Defensa da Ría de Arousa (PDRA) e Mina de Touro-O Pino Non presentaron este martes en Santiago

unha campaña de recollida de sinaturas dirixida ao presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, coa que reclaman o peche definitivo e

archivo do proxecto da macrocelulosa de Altri-Smartia en Palas de Rei e da reapertura da mina de cobre de Touro-O Pino.

A iniciativa concretase nun escrito remitido directamente ao xefe do Executivo galego, no que as plataformas lle solicitan que convoque un Consello da Xunta para adoptar formalmente a denegación das autorizacións pendentes e o arquivo dos proxectos, ao considerar que non se axustan a dereito e que supoñen unha grave ameaza ambiental para o río Ulla e a ría de Arousa.

Segundo explicaron, no caso de Altri, a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI) entrou na Xunta o 10 de novembro de 2023 e, conforme á lexislación vixente, o prazo máximo para resolvela era de seis meses. As plataformas

sosteen que ese prazo expirou en maio de 2024, polo que a autorización debería entenderse desestimada por silencio administrativo. Ademais, lembran que a propia Xunta recoñeceu publicamente que o proxecto quedou fóra da planificación eléctrica, o que, ao seu xuízo, fai inviable a súa continuidade.

No tocante á concesión de augas, estas tres entidades denuncian que tamén se superaron amplamente os prazos legais para resolver, polo que reclaman unha resolución expresa de carácter desestimatorio, dada a inviabilidade material do proxecto de Altri para a localidade de Palas de Rei.

**PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tif: 981 505 199  634950412

**NUEVA
UBICACIÓN**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**1 GAFA
GRADUADA
69 €**



ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tif: 981 505 199  634950412

O comercio de Melide súmase aos Días Azuis con premios de ata 2.500 euros



No acto de entrega de premios dos Días Azuis do ano pasado. / Foto de arquivo

O comercio local de Melide participará do 10 ao 30 de abril na campaña Días Azuis do Comercio Galego, unha iniciativa que busca fomentar as compras nos establecementos de proximidade e dinamizar a economía local a través de premios directos para a clientela.

Baixo o lema “Fai

latexar o corazón do teu barrio. Merca no comercio local”, a campaña premiará as compras realizadas nos establecementos adheridos cun total de 20.000 euros en tarxetas prepago, con importes de 250 e 150 euros, ademais dun gran premio final dunha tarxeta de 2.500 euros, que se sortea-


rá nunha gala de entrega de premios.

Para participar, as persoas consumidoras deberán rexistrar as súas compras na páxina web diasazuis.com, onde entrarán automaticamente nos distintos sorteos previstos. O sorteo realizarase ante notario o 6 de maio de 2026.

A campaña está impulsada pola Federación Galega de Comercio, co apoio da Xunta de Galicia, e conta coa colaboración de entidades como ABANCA e outras empresas patrocinadoras. O obxectivo principal é incentivar o consumo no pequeno comercio, poñendo en valor a súa importancia económica e social nas vilas e barrios galegos.

Desde a organización anímase á veciñanza a participar activamente nesta iniciativa, lembrando que mercar no comercio local non só permite optar a premios, senón que tamén contribúe a manter vivo o tecido comercial de proximidade, xerador de emprego e de vida nas rúas.

O paro baixa na comarca da Terra de Melide en marzo



Dúas traballadoras dun hotel realizando as tarefas de limpeza. / Foto: iStock

Os datos do paro correspondentes ao mes de marzo de 2026 reflicten un descenso xeral do desemprego na comarca da Terra de Melide, que remata o mes con 341 persoas en situación de paro, fronte ás 355 rexistradas en febreiro, o que supón 14 persoas menos.

Por concellos, Melide continúa a concentrar o

maior número de persoas desempregadas, con 243, pero tamén protagoniza unha das maiores baixadas, con 11 parados menos respecto ao mes anterior. En Toques, o paro reduciuse, pasando de 26 a 20 persoas, o que supón unha baixada de 6. Santiso tamén rexistra descenso, cunha 1 persoa menos, situándose en 37.

O Goberno autonómico impulsa o programa Talento Mozo para facilitar a inserción laboral da mocidade durante o 2026 e 2027



Dous camareiros entre 18 e 29 anos, idade á que vai dirixida esta iniciativa do Goberno autonómico. / Foto: iStock

O Goberno galego vén de convocar unha nova edición do programa Talento Mozo, dirixido a mellorar a empregabilidade da mocidade mediante programas de formación e emprego cun-

ha duración de 12 meses e con novos compromisos de inserción laboral. A orde, publicada no DOG, conta cun orzamento total de 6,6 millóns de euros.

O programa está

destinado a mozos e mozas de entre 18 e 29 anos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e prevé beneficiar a 208 persoas entre os anos 2026 e 2027. Un dos principais obxectivos é

reforzar a conexión directa entre a formación e as necesidades reais do tecido produtivo de cada territorio, a través da colaboración entre entidades locais.

Entre as novidades da destaca a introdución de compromisos mínimos de inserción laboral, que obrigan ás entidades promotoras a garantir a incorporación ao mercado de traballo dun número determinado de participantes ao remate dos programas. Ademais, as persoas que completen con éxito Talento Mozo terán prioridade nas axudas á contratación.

A Xunta subvenciona tanto os custos da formación como os custos salariais dos contratos de

traballo que se formalizan co alumnado, no marco dun programa cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+). A convocatoria tamén incorpora medidas de simplificación administrativa, cun prazo de solicitude aberto durante un mes e unha redución do tempo de resolución das axudas.

Talento Mozo forma parte da renovación das políticas activas de emprego do Goberno, orientadas a favorecer unha empregabilidade real e estable, especialmente nos sectores con maior demanda laboral, ao tempo que contribúe á mellora dos servizos e infraestruturas públicas nas contornas onde se desenvolven os proxectos.

días azuis

DO COMERCIO GALEGO

Do **10** ao **30** de abril

2026

Fai latexar o corazón do **teu barrio**
MERCA NO COMERCIO LOCAL



Merca *ten premio!*

GRAN PREMIO FINAL

Sorteo de tarxeta de

2.500€

na gala de entrega de premios

20.000€

en tarxetas prepago de **250€** e **150€**



Rexista a túa compra en **diasazuis.com**

Sorteo ante notario: 6 de maio de 2026

Séguelos en



#díasazuis

Federación Gallega de Comercio
@comerciogalicia



Financia



Colaboran

//ABANCA **Novogal**

femxa

comercio.galicia.es

O agradecemento que nos queima na boca

Seica é bastante habitual que cando se achegan as últimas horas de vida -e somos conscientes do inminente final- as persoas adoitamos coincidir naquelas cousas das que uns se arrepiñe e das que se está orgulloso.

Ao final dos nosos días, polo visto, é frecuente que as persoas se arrepiñan sobre todo de non ter priorizado doutra maneira o seu tempo. Hai diversos relatos de persoal dedicado aos cuidados paliativos que din que, cando se achega o final, as persoas lamentamos non ter priorizado máis o tempo coa familia e os amigos, en favor, habitualmente do traballo ou dos supostos compromisos que nos parecen inaprazables, mentres o ritmo veloz da vida nos empuxa cara adiante coma se non foramos chegar todos á mesma meta. Pero, cando lle vemos o cu ao carrizo a cousa cambia, e despois de tanto correr, quen nos dera ter outra vida para ir máis a modo e aproveitar máis o camiño. Non coñecemos ninguén que a tivese, mais seguimos correndo.

A proximidade da morte ten esa capacidade de sacar á vista os sentimentos dos que durante a vida nos avergonzamos. Ocorre ata nos tana-torios, onde nos permitimos abrazar a persoas ás que, fóra dalí, non lle regalamos nunca o calor do noso cariño. Porque o damos por suposto, como damos por ditas as palabras de agradecemento cando alguén nos fai ben. Dar as grazas é moito máis ca unha fórmula de cortesía. É dicirle á outra persoa que nos importa o que fai por nós, que nos teña no pensamento ou nas súas accións, que nos queira. Pero próennos esas palabras na boca porque nos ensinaron que nos fan vulnerables, débiles, e hai que ir pola vida co escudo ergueito, demostrando que pisamos por riba dos demais e que ninguén nos pisa a nós.

E no medio de todo este escaparate de sentimentos escondidos hai xente que vive eternamente agradecida, que o manifesta unhas veces, ou que aniña no seu corazón un agradecemento sincero pendente de comunicar.

Ser agradecidos non nos fai máis vulnerables. Fai que regalemos un anaco de bondade, da que nos sobra, e que nunca se debería escatimar. Un dos xestos máis xenerosos da bondade humana é a doazón de órganos. É certo que neste caso é xustamente unha doazón do que "nos sobra", porque cando a vida marchou, a alma, e todo aquilo polo que quixemos aos nosos seres queridos marchou tamén con eles.

A doazón de órganos é, por lei, anónima. A familia que autoriza as doazóns non sabe xamais onde late ese corazón, que ollos ven agora por esas córneas pechadas, ou en que parte do mundo respira de novo "o seu" pulmón. E, igualmente, o receptor deses órganos non saberá xamais quen lle fixo o maior regalo da vida, a oportunidade de seguir vivo.

Se existise unha vía segura que seguise garantindo totalmente ese anonimato, sería bonito que os donantes puidesen mandar unha carta que acompañase a eses órganos, desexándolle a vida que dun lado xa se acabou, dándolle o relevo dun latexo que continúa.

Se se puidese garantir completamente o anonimato, sería bonito que quen recibe un órgano en doazón puidese mandar unha carta anónima a quen llo cedeu, dándolle as grazas, dicíndolle que o mundo segue rodando pola xente boa que fai cousas boas incluso por persoas que non coñece.

E así todos, un pouco, abrazarnos máis, agradecemos máis e falarnos máis sen ter que esperar a que sexa nunha cama de paliativos.


Vanesa de Quinzán

ANÚNCIATE NO CERNE!

- ✓ O teu anuncio verase en toda a comarca, máis de 1.000 exemplares
- ✓ Formato dixital nas nosas redes sociais e páxina web
- ✓ Posibilidade de deseño do anuncio sen custo adicional



O escritor Xosé de Cea, veciño de Melide, gaña o IV Premio de Novela da Galicia Rural coa obra “Nacional 547”



Xosé de Cea, gañador do IV Premio de Novela Galicia Rural. / Foto: E. Galaxia

O escritor Xosé de Cea, veciño de Melide, vén de resultar gañador da IV edición do Premio de Novela da Galicia Rural coa obra titulada “Nacional 547”, segundo decidiu por maioría o xurado reunido telematicamente na xornada do 13 de marzo. O certame está convocado polo Concello de San Xoán de Río, co apoio da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia e a colaboración da Editorial Galaxia.

O xurado estivo composto por Tania Vázquez García, Armando Requeixo Cuba, Óscar Reboiras Loureiro, Alba Gil Vicente e Marcos Calveiro, exercendo como secretario, con voz pero sen voto, Miguel García-Fernández, en representación do concello organizador. Unha vez

aberta a plica, confirmouse que a obra premiada pertence a Xosé de Cea, nado en Barcelona en 1970 e residente na vila de Melide.

Xosé de Cea conta cunha ampla traxectoria literaria e xornalística. Traballou en medios como La Voz de Galicia e no Sindicato Labrego Galego, onde editou máis de cen números do voceiro Fouce. Colaborou tamén en publicacións como A Nosa Terra, Tempos Novos ou Praza Pública. A súa obra abrangue poesía, narrativa infantil e xuvenil, novela e xornalismo, destacando títulos como Presenza da fenda, O lume dos soños, Revolución Detrito ou a novela Coimbra, publicada por Galaxia en 2023.

Sobre a obra gañadora, o propio autor explica que “Nacional 547” “é un

relato iniciático ambientado na Palas de Rei dos anos oitenta, no que un adolescente retorna desde Barcelona a un medio rural vivido como exilio. A novela afonda na identidade, a amizade, a violencia, o desamor e a procura de sentido vital, cunha narrativa intensa que, segundo o autor, “non deixará indiferente a ningún”.

A concesión do premio supón tamén un novo impulso ao Premio de Novela da Galicia Rural, que busca visibilizar narrativas contemporáneas vencelladas ao territorio, á memoria e ás transformacións do mundo rural.

O libro “Nacional 547” pode atoparse en calquera librería ou mesmo na páxina web da Editorial Galaxia.

O Concello de Melide repartiu uns 20.000 manteis para unha acción promocional da Festa do Melindre durante a Semana Santa



O concelleiro Xosé Igrexas co persoal de Adega Mandil, un dos establecementos participantes. / Foto: Concello Melide

O Concello de Melide repartiu uns 20.000 manteis de papel entre os establecementos de hostalería e restauración da vila coa finalidade de promocionar a

XXXIV Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional, que se celebrará os días 9 e 10 de maio.

O Goberno local realizou a entrega deste ma-

terial promocional, co que agarda aproveitar a afluencia de visitantes durante a Semana Santa e ao longo do mes de maio para animar ás persoas que se acheguen

a Melide a regresar na fin de semana dunha das citas gastronómicas máis emblemáticas do municipio.

En total, 35 establecementos de restauración súmanse a esta campaña, que leva a imaxe da Festa do Melindre ás mesas de bares e restaurantes, converténdose nun escaparate directo da celebración ante milleiros de persoas. A iniciativa busca reforzar a visibilidade dun evento que pon en valor a repostaría tradicional melidense e que atrae cada ano a numerosos visitantes.

Desde o Concello destacan a importancia de colaborar co sector hostelero para difundir a Festa do Melindre e consolidala como unha referencia gastronómica e turística, ao tempo que se dinamiza a economía local e se promove a identidade doce de Melide máis alá das datas

concretas da celebración.

Os establecementos colaboradores nesta acción de promoción da festa do Melindre e a repostaría tradicional foron: A Bodeguilla, A Fábrica do Camiño, A Taberna de Furelos, A Taberna do Polígono, Adega Mandil, Bar Liñares, Bodega Curros, Brookling, Cafetería A Solaina, Cafetería Malavida, Cervecería Pinocho - Levels, Chiquitín, D’Obra, Dúas Rúas, El Huevo de la Abuela, Gastroteca A Boa Vida, Hotel Carlos 96, Hotel Xaneiro, Jacaranda, Mesón O Toxo, O Recuncho do Convento, O Trasno, Parrillada El Molino, Parrillada Ribeira Sacra, Parrillada Rúa, Pizzería Atenas, Pizzería O Piorno, Pizzería Xoldra, Pulpería A Garnacha, Pulpería Ezequiel, Raxería Ramos, Restaurante A Codeseira, Verbena FM, Viñoteca A Boa Viña e Xamonearía Garceiras.

Melide celebrará os días 25 e 26 de abril a súa 19ª Foliada que volverá converter a vila nun punto de encontro da cultura



O grupo Tiruleque na presentación da nova edición da Foliada de Melide, na cal actuarán. / Foto: Adolfo Álvarez

Melide celebrará os días 25 e 26 de abril a súa 19ª Foliada, unha das citas máis destacadas da cultura tradicional galega, que volverá converter a vila nun punto de encontro para a música,

o baile e a convivencia arredor da cultura galega.

A programación foi presentada o pasado 27 de marzo na Praza do Convento. Durante o acto, dende o Concello quixeron agrade-

cer especialmente o labor da Asociación Cultural e Musical O Castelo, impulsora da Foliada desde o ano 2005, así como o apoio das entidades colaboradoras e das persoas voluntarias que

fan posible a celebración.

Dita programación mantén os elementos máis emblemáticos do evento e incorpora propostas para públicos moi diversos. Cantos de taberna, seráns, mostras de baile tradicional, concertos, animación de rúa e unha mostra de artesanía e instrumentos tradicionais volverán encher as rúas e prazas da vila.

A actividade comezará o sábado pola mañá coa apertura da Mostra de Artesanía e Instrumentos Tradicionais na Praza do Convento, que contará con 14 postos de artesáns especializados na elaboración de instrumentos e traxes tradicionais. A partir das 11:30 horas, os xigantes e cabezudos, acompañados por Os Treboeiros de Muimenta.

Un dos momentos

máis esperados chegará ao mediodía co 15º Concurso de Cantos de Taberna, no que os grupos participantes percorreren os bares da zona antiga interpretando pezas tradicionais. Pola tarde haberá máis animación de rúa, un obradoiro de baile para adultos e, ás 19:00h, unha marcha gaiteira con trece agrupacións musicais.

O serán da Praza das Coles, a partir das 19:30 horas, contará coas actuacións de varios grupos, entre eles, Os Carecos e Os d'Abaixo.

O domingo continuará a actividade coa Banda de Gaitas de Ortigueira, a presentación do libro "O violín que trae o vento", sesión vermú, espectáculos, xogos populares, mostra de baile tradicional e concertos de Felisa Segade e Tiruleque.

O Concello investirá 305.000 euros na mellora viaria en varios núcleos rurais



Unha das pistas nas que o Concello realizará obras de mellora. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide acometerá nas vindeiras semanas unha importante actuación de mellora da pavimentación e da seguridade viaria en distintos núcleos do rural do municipio. As obras, adxudicadas en Xunta de Goberno local, contan cun investimento to-

tal de 305.000 euros e permitirán actuar en vías que presentan un notable deterioro.

Os traballos desenvolveranse nos núcleos de Corral de Medio (na parroquia de Santalla); en Piñeiros, Baltar, o Camiño da Costa e a Pista de Piñeiros;

así como en Mirce (parroquia de Moldes) e Marrás (Maceda). A execución das obras foi adxudicada á empresa Construcciones Oviga mediante un procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios.

Segundo o proxecto aprobado, as actuacións incluírán o acondicionamento das vías, coa limpeza de cunetas, o fresado do formigón existente ata un espesor de cinco centímetros, a roza e despexe da vexetación herbácea, a execución de canalizacións, a renovación dos pavimentos e a pintura da sinalización viaria, co obxectivo de mellorar tanto a circulación como a seguridade.

O prazo de execución previsto desde o inicio das obras será de catro meses, polo que os traballos poderían quedar rematados ao longo do verán, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

O alumnado do IES da vila celebra o Día da Árbore



O alumnado xunto cun axente medioambiental na plantación. / Foto: C. M

O IES de Melide celebrou o Día da Árbore e dos Bosques cunha xornada de educación ambiental na que alumnado, profesorado e representantes institucionais participaron nunha plantación de árbores autóctonas nunha parcela municipal cedida polo Concello.

Na actividade participaron axentes medioambientais da Consellería do Medio Rural, que colaboraron no desenvolvemento da xornada e ofreceron asesoramento sobre a plantación e o coidado das especies. Tamén estivo presente o alcalde de Melide.

O CEIP Mestre Pastor Barral rende homenaxe e pon en valor os hórreos cunha exposición realizada polo alumnado

O CEIP Mestre Pastor Barral de Melide puxo en marcha unha exposición dedicada aos hórreos, unha das expresións máis representativas da arquitectura tradicional galega, coa que o centro busca achegar este patrimonio ao seu alumnado e poñelo en valor entre a comunidade educativa.

A iniciativa, promovida polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), conta coa participación activa do alumnado de Educación Infantil e Primaria, que achegou á mostra 30 pezas escultóricas de distintos tamaños e materiais —como pedra, madeira, cerámica ou prata— así como máis dun cento de fotografías de nenos e nenas xunto a hórreos da contorna. Tamén colaboraron 15

mestras e mestres, sumando as súas imaxes á exposición.

A coordinadora do EDLG, Soqui Cea, explicou que a actividade naceu coa intención de dar a coñecer os hórreos, “un elemento fundamental da paisaxe tradicional e da memoria colectiva do pobo galego”, que resulta ser descoñecido para boa parte do alumnado, malia a súa presenza habitual no territorio.

A exposición complétase con fotografías dalgun dos hórreos máis emblemáticos de Galicia, como os de Carnota, Araño ou Poio, así como con rótulos elaborados polo alumnado cos distintos nomes cos que se coñecen estas construcións: canastro, cabaceiro, cabazo, espigueiro ou celei-



Varias nenas e nenos observando a exposición dos hórreos na entrada do CEIP Mestre Pastor Barral. / Foto: Soqui Cea

ro, entre outros.

A mostra pode visitarse na entrada do centro ata o 17 de abril. Desde o colexio agardan que esta actividade anime o alumnado a observar máis o seu entorno, a preguntar e a sen-

tir curiosidade polo patrimonio que os rodea, baixo o lema do EDLG: “non se pode amar aquilo que non se coñece”.

Ademais, en relación coa temática desta exposición o Goberno declara os

hórreos do norte da península Patrimonio Cultural Inmaterial, un recoñecemento que reforza a súa protección e constitúe un paso previo para que nun futuro poidan ser declarados Patrimonio da Humanidade.

A Biblioteca Pública Xosé Vázquez Pintor de Melide acollerá un espectáculo escolar polo Día das Letras Galegas



Dous dos representantes da organización deste programa, FalaRedes 2026, na súa presentación. / Foto: Xunta de Galicia

A vila de Melide será unha das paradas do programa especial que a Xunta de Galicia está a desenvolver con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, dirixido especificamente ao público escolar. A Bibliote-

ca de Melide acollerá o vindeiro venres 22 de maio, ás 17:30 horas, o espectáculo *As mil e unha*, unha proposta cultural e educativa pensada para achegar a literatura galega á cativada.

A iniciativa forma

parte do programa FalaRedes 2026, impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e está centrada na figura da escritora Begoña Caamaño, autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas. O

obxectivo do proxecto é dar a coñecer a súa obra e o seu universo literario dun xeito ameno, creativo e accesible para nenos e nenas maiores de catro anos.

O espectáculo está protagonizado pola narradora oral Vero Rilo, acompañada polo músico Luis Iglesias, e propón unha viaxe polo imaxinario literario da autora a través da palabra, a música e a narración oral. Segundo explicou o secretario xeral da Lingua, Valentín García, trátase dunha iniciativa que busca “afondar dun xeito divertido e próximo na literatura galega e na importancia de celebrar a nosa lingua e cultura desde idades temperás”.

A sesión prevista en Melide insírese nun circuito que percorrerá un total de 18 concellos galegos, convertendo a vila nun dos referentes comarcais desta

programación cultural das Letras Galegas. Algúns dos municipios escollidos para acoller este circuito son: Noia, Santiago de Compostela, Mondoñedo, Ribadavia e Guitiriz, entre outros. A elección da Biblioteca de Melide como escenario reforza, ademais, o seu papel como espazo de dinamización cultural e de promoción da lectura entre a infancia.

A actividade será de acceso totalmente gratuito ata completar aforo e está especialmente pensada para público infantil e familias, polo que se agarda que teña unha boa acollida. A cita do 22 de maio converterá a Biblioteca Pública Xosé Vázquez Pintor de Melide nun punto de encontro arredor da literatura, a narración oral e a celebración das Letras Galegas, nun ano especialmente significativo para a cultura galega.

A Casa de Galicia en Santurtzi acollerá a primeira Festa do Melindre para poñer en valor os doces tradicionais melidás



Parte do cartel da primeira Festa do Melindre, organizada pola Casa de Galicia na vila. / Foto: Casa de Galicia en Santurtzi

A Casa de Galicia en Santurtzi celebrará o vindeiro 11 de abril a primeira Festa do Melindre, unha iniciativa que busca dar a coñecer e poñer en valor un dos doces máis representativos da gastronomía galega, os melindres de

Melide, ao tempo que promove a cultura tradicional galega entre a veciñanza.

A xornada desenvolverase ao longo de todo o día cun programa variado de actividades culturais, musicais e gastronómicas. Os actos comezarán

ás 11:00 horas coa instalación dunha carpa informativa na zona peonil do parque, onde tamén terá lugar a actuación do grupo Os da Taberna, procedente de Melide (A Coruña).

Media hora máis tarde, ás 11:30 horas, ce-

lebrarase unha kalejira cos xigantes de Santurtzi, Santurtziko Erraldoiak, acompañados polo grupo galego Airiños Galegos Doce Albor, que percorrerán as rúas achegando a música e a tradición popular ao público asistente.

Xa ao mediodía, ás 12:00 horas, está prevista unha masterclass dedicada aos doces típicos de Melide, na que se explicará a elaboración de produtos como os melindres, os ricos e os almendrados. A continuación, ás 13:00 horas, terá lugar un gaitapoteo pola zona da Txitxarra, que servirá para animar o ambiente festivo antes da sesión da tarde.

A programación completaráse ás 20:00 horas cun concerto de Tolín “El Mariachi”, que actuará na rúa Gabriel Aresti número 6, fronte á Casa de Galicia, poñendo o broche musical á xornada.

A primeira Festa do Melindre en Santurtzi

conta coa colaboración da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, e do Concello de Santurtzi, e pretende consolidarse como unha cita anual para fortalecer os lazos culturais entre Galicia e Euskadi, así como para divulgar a gastronomía tradicional galega, en concreto a do municipio melidense, fóra da comunidade.

A idea de celebrar a Festa do Melindre en Santurtzi sae do nomeamento da Casa de Galicia nesta localidade vasca como embaixadores e embaixadoras da repostaría tradicional de Melide na última edición da festa, en maio do ano pasado. Polo tanto, como grandes embaixadores destes doces dende a directiva organizan esta xornada para poñer en valor e dar a coñecer en Santurtzi os melindres, ricos e amendoados, unha das grandes xoias da gastronomía da comarca da Terra de Melide.

O IES destaca no certame Enreguéifate coa regueifa máis reivindicativa



Un dos momentos do vídeo da regueifa do alumnado do IES de Melide, premiado no certame. / Foto: Enreguéifate

Melide volve estar presente no mapa da creación oral en galego grazas ao certame Enreguéifate, que vén de dar a coñecer os seus gañadores entre os 84 vídeos

presentados nesta edición. Na categoría escolar, o IES de Melide foi recoñecido co premio á regueifa máis reivindicativa polo traballo titulado A regueifa é mun-

dial, elaborado polo grupo Pois Disque Cantamos (formado polo alumnado de 3º ESO D: Ernesto Burgue, Kevin Eduardo Carriazo, Daniel García, Rubén Mos-

teiro, Iker Otero, Alexandra Roa, Chenyl Saldívar, Iker Sánchez e Lucía Valiño).

Na regueifa do IES de Melide, galardoada neste certame fala do potencial da diversidade cultural e pon en valor a mestura de xente de diferentes orixes e raíces, así como fai unha defensa pola paz no mundo.

O galardón supón un recoñecemento ao labor creativo e lingüístico do alumnado melidense, que empregou a regueifa como ferramenta de expresión e reflexión. O certame chegou este ano a diferentes puntos do territorio galego incluíndo Melide, Dodro e a comarca de Bergantiños.

A entrega de premios celebrárase o 16 de abril, ás 11:45 horas, nunha gala no Teatro Principal de Pontevedra, organizada polos servizos de normaliza-

ción lingüística municipais que impulsan o proxecto. Alí daranse cita os centros, colectivos e participantes premiados nas distintas categorías.

Na modalidade escolar, xunto ao recoñecemento ao IES de Melide, tamén foron premiados centros doutros puntos de Galicia, como Carballo, Santiago, Vigo, Dodro, Vilalba ou Coristanco, o que amosa a diversidade e vitalidade da regueifa entre a mocidade.

Enreguéifate é unha iniciativa promovida polos concellos de Ames, Arzúa, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo, co obxectivo de fomentar a difusión da improvisación oral en verso como medio para promover o uso do galego, especialmente entre as novas xeracións.

19 FOL MELIDE

25/26 ABRIL 2026






SÁBADO 25

CANTOS DE TABERNA ★ SERÁN
OS CARECOS ★ **OS D'ABAIXO**

DOMINGO 26

SESIÓN VERMUT **ACTUACIÓN INFANTIL**
IRMAUS DA RAIA SECA ★ **OS MONIFATES**
FELISA SEGADE ★ **TIRULEQUE**

ARTESANÍA ★ **ANIMACIÓN DE RÚA** ★ **OBRADOIROS**

 [instagram.com/foliadamelide](https://www.instagram.com/foliadamelide)
 [facebook.com/foliadamelide](https://www.facebook.com/foliadamelide)
 foliadamelide@gmail.com





ROMERO
Zapaterías

El zapato perfecto para la ocasión perfecta!

ÚLTIMAS TENDENCIAS para mujer y hombre

PRIMERAS MARCAS

TARJETA CLIENTE acumula un -10% en cada compra

¡Visítanos en Melide!
Ronda da Coruña, 29

604 038 224



SANO GUERA
fotografía, arte y diseño

SANO GUERA FOTOGRAFÍA · CITA PREVIA · ASETEM
Tel. 622 222 810 · www.sanoguera.com



RIBEIRAO
DISTRIBUCIONES - DESDE 1912



RIBEIRAO
VIÑOTECA

C/ Convento Nº 12,
15.800, Melide (A Coruña)
981 505 018
info@distribucionesribeirao.com
www.distribucionesribeirao.com
@vinoteca_ribeirao



Recambios
VULCANO

Tfnos.: 981 506 218
637 210 110
677 409 007

Avda. de Lugo, 99
15800 MELIDE
(A Coruña)

- Recambios agrícola, camión, vehículo, industrial
- Hacemos todo tipo de latiguillos hidráulicos
- Distribuidores Husqvarna

A Deputación da Coruña dota ao Concello de Toques dun novo vehículo para o departamento de servizos sociais



O alcalde de Toques e a traballadora da área de servizos sociais coa deputada Mar García. / Foto: Deputación da Coruña

O Concello de Toques conta desde hai unhas semanas cun novo vehículo destinado aos servizos sociais municipais, cedido pola Deputación da Coruña co obxectivo de facilitar os desprazamentos do persoal técnico e mellorar a aten-

ción ás persoas usuarias. A entrega tivo lugar o xoves 20 de marzo nun acto no que participaron a deputada de Política Social, Mar García Vidal, o alcalde de Toques, José Ángel Penas, e a traballadora social do municipio.

O novo coche servi-

rá para apoiar o labor diario do equipo de servizos sociais, integrado por unha auxiliar de axuda no fogar, unha educadora familiar e unha traballadora social, que realizan atención directa á poboación e múltiples desprazamentos den-

tro dun concello marcado pola dispersión xeográfica.

Durante o acto, Mar García Vidal salientou a importancia de dotar aos concellos, especialmente aos do ámbito rural, de recursos materiais que lles permitan ofrecer uns servizos sociais de calidade. A deputada subliñou que a dispersión da poboación fai imprescindible contar con medios de transporte axeitados para garantir unha atención próxima, eficaz e en boas condicións. “Este tipo de investimentos permiten chegar a máis persoas e optimizar o tempo dedicado á atención social”, afirmou.

Pola súa banda, o alcalde de Toques agradeceu o apoio da Deputación da Coruña e destacou que o novo vehículo supón unha mellora significativa para o funcionamento dos servizos sociais municipais,

ao facilitar a mobilidade do persoal e contribuír a unha mellor resposta ás necesidades da veciñanza.

A entrega deste vehículo enmárcase na liña de apoio da Deputación aos concellos da provincia para o reforzo dos servizos sociais de proximidade. A través deste programa, xa se financiaron vehículos destinados a este fin en numerosos municipios, entre eles As Pontes, Aranga, Camariñas, Carnota, Fisterra, Muros, Ortigueira, Sobrado, Santiso ou Dodro, entre outros.

Con esta dotación, Toques súmase á relación de concellos que contan con vehículos financiados pola institución provincial para mellorar os desprazamentos dos seus servizos sociais, unha medida que contribúe a fortalecer a atención ás persoas e a loita contra o despoboamento no rural.



AUDÍFONOS CONECTADOS

INCOGNITO

AFFLELOU

**TU 2º PAREJA
DE AUDÍFONOS
POR 1€ MÁIS***

*Oferta válida en todas las tiendas ALAIN AFFLELOU de España durante todo el año. Consulte condiciones en el centro de audiología o en afflelou.es

**RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE - 981 50 60 97**

(E-15001259)

ALAINAFFLELOU
Óptico y Audiólogo

Pide a túa cita
afflelou.es



Investigado un veciño do concello de Sobrado por un incendio forestal provocado por unha queima sen autorización



Un membro do corpo da Garda Civil investigando na zona do incendio forestal en Sobrado. / Foto: Garda Civil

A Garda Civil investiga un veciño de Sobrado como presunto autor dun delito de incendio forestal por imprudencia, tras un lume

registrado o pasado 19 de marzo no termo municipal deste concello, situado na comarca da Terra de Melide.

Segundo informa a Comandancia da Garda Civil da Coruña, os feitos foron investigados polo Servizo de Protección da

Natureza (SEPRONA) despois de ter coñecemento da existencia dun incendio forestal na zona. No transcurso das pescudas, os axentes determinaron que a orixe do lume estivo nunha queima de restos de poda e materiais forestais procedentes da limpeza de parcelas propiedade do investigado.

A queima realizouse sen a correspondente autorización administrativa e sen adoptar as medidas de seguridade necesarias. Ademais, durante o proceso, o home ausentouse do lugar para dirixirse á súa vivenda, situada na mesma parcela, deixando o lume sen ningún tipo de supervisión.

Mentres se atopaba no interior da casa, o fogo estendeuse á vexetación circundante, chegando a afectar a unha parcela colindante. O incendio non acadou maior extensión grazas á rápida actuación dos veci-

ños, que conseguiron mantelo controlado ata a chegada dos medios de extinción.

Como consecuencia destes feitos, a Garda Civil procedeu á investigación do varón como presunto autor dun delito de incendio forestal por imprudencia.

Desde a Garda Civil lembran que os incendios forestais non só provocan graves danos na flora e na fauna, senón que tamén poñen en risco a seguridade das persoas e das súas propiedades. Por este motivo, reiteran o chamamento á cidadanía para colaborar na protección do monte e extremar as precaucións, especialmente co lume.

Así mesmo, solicitan que calquera actividade sospeitosa ou información relacionada con incendios forestais sexa comunicada a través do teléfono 062 ou polos canais habituais de denuncia.

Toques prepárase para a VI Subida a San Cidre



Corredoras e corredores na saída do ano pasado. / Foto: Concello de Toques

O Concello de Toques celebrará este domingo, 12 de abril, a VI Subida San Cidre.

A carreira contará con dúas distancias, unha de 17 quilómetros, cun desnivel positivo de máis de

600 metros, e outra de 8 quilómetros, cun desnivel de arredor de 250 metros. Ademais, haberá carreiras para menores, co obxectivo de fomentar a práctica deportiva entre a cativada.

O Concello de Santiso e a Xunta estudian actuacións en materia de urbanismo



O alcalde Manuel Adán na reunión con membros da Consellería. / Foto: Xunta

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, mantivo este martes unha reunión de traballo co alcalde de Santiso, Manuel Adán, na que se abordaron

diferentes actuacións en materia de urbanismo de interese para o municipio.

O encontro tivo lugar nas dependencias da Xunta en San Caetano e contou tamén coa presen-

za da directora territorial da Consellería na provincia da Coruña, Begoña Freire. Durante a reunión analizaron distintas liñas de actuación que poderían contribuir á mellora das infraestruturas e á planificación urbanística do concello.

Desde a Xunta sinalan que este tipo de encontros forman parte da colaboración habitual coa administración local, co obxectivo de prestar apoio aos concellos na execución de actuacións que permitan mellorar a calidade de vida da veciñanza e reforzar a competitividade económica dos municipios.

A reunión pon de manifesto a vontade de cooperación para avanzar en proxectos que respondan ás necesidades do territorio.

O río Furelos, en Melide, acollerá unha nova edición Campionato de Pesca



Unha persoa suxeitando a cana de pescar na man. / Foto: iStock

A Asociación de Troiteiros Campionato de Pesca “Río Furelos”, unha cita xa celebrará este sábado, 11 de abril de 2026, o XXII que reúne cada ano afeccio-

nados á pesca deportiva no entorno natural do municipio.

O campionato está dirixido exclusivamente ás persoas socias da asociación e desenvolverase ao longo da xornada no río Furelos, un dos espazos naturais máis emblemáticos de Melide. A organización anima aos membros do colectivo a participar nesta xornada que combina deporte, natureza e convivencia.

Como complemento ao campionato, está previsto un xantar social no Bar O Cantón que servirá como punto de encontro entre os participantes unha vez rematada a actividade deportiva.

O XXII Campionato de Pesca conta coa colaboración do Concello de Melide, da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e da Deputación da Coruña.

Visantoña acollerá a 10ª Ruta Cabalar do Pantano

Parte do cartel da X Ruta Cabalar do Pantano. / Foto: Cabaleiros do Pantano

A parroquia de Visantoña, no concello de Santiso, celebrará este sábado a Ruta Cabalar do Pantano, unha xornada que reunirá xinetes e afeccionados ao cabalo nun percorrido pola contorna natural da zona.

A actividade comezará ás 12:00 horas coa recepción dos participantes e continuará cun xantar ás 14:00 horas, con entreme-

ses e callos. A saída da ruta está prevista para as 17:00h, incluíndo dúas paradas con bebidas e pinchos. A xornada completárase cunha cea ás 22:00h, con polbo, carne ao caldeiro, sobremesa, café e chupito, ademais de barra libre e actuación musical ata as 4:30 da madrugada.

A organización lembra que cada xinete será responsable do seu cabalo.

Os Cabaleiros toquenses organizan a súa 1ª ruta

Parte do cartel da I Ruta Cabalar de Toques. / Foto: Cabaleiros de Toques

Os Cabaleiros de Toques organizan para o vindeiro 9 de maio de 2026 a I Ruta Cabalar de Toques.

A actividade dará comezo coa recepción de cabalos e xinetes no campo de

fútbol. Durante o percorrido, as persoas participantes contarán cunha parada con bebidas, pinchos e música.

As inscricións estarán abertas ata o mércores 6 de maio.

As obras do futuro Centro de Día de Toques atópanse na fase final



O alcalde de Toques xunto á conselleira durante a visita. / Foto: Xunta de Galicia

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou as obras do que será o futuro Centro de Día de Toques, un proxecto que se atopa xa practicamente rematado e que

permitirá reforzar a atención ás persoas maiores do municipio cun total de 25 prazas públicas de atención diurna.

Durante a visita, a conselleira estivo acompa-

ñada polo alcalde de Toques, José Ángel Penas, e polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, os que puideron comprobar de primeira man o avance dos traballos. O novo centro está a construírse na antiga escola municipal e supón un investimento total de 340.000 euros, dos cales a Xunta de Galicia achega 283.000 euros, máis do 80% do custo total.

A posta en marcha do Centro de Día do concello de Toques suporá unha mellora significativa dos servizos sociais no municipio, permitindo á veciñanza, especialmente ás persoas maiores, recibir atención especializada durante o día sen ter que afastarse do seu entorno habitual.

JORGE LAMA E RAFA GAYOSO, ASOCIACIÓN MELISA

“O máis valioso do Congreso esLibre é o que pasa entre charlas: as conexións que se crean entre os asistentes”

Melide acollerá os días 17 e 18 de abril o Congreso esLibre 2026, unha cita de referencia da cultura e a tecnoloxía libre. Falamos cunha das partes responsables da organización, membros da directiva da Asociación Melisa.

- **Para situarnos: que é exactamente esLibre e por que é un congreso tan relevante?**

- **Jorge Lama:** É un encontro centrado en tecnoloxías libres e, sobre todo, das comunidades que as fan posibles. Hai moitos eventos tecnolóxicos, pero poucos que poñan o foco na cultura libre e no valor das comunidades. Para nós esa é a diferenza: non é só aprender nas charlas, é xuntarse, compartir e crear vínculos entre persoas e proxectos.

- **A edición deste ano celebrárase en Melide. Que supón isto para vós?**

- **Rafa Gayoso:** Levamos anos facendo actividades de divulgación, charlas en centros educativos, as xornadas de R, proxectos propios... Traer un congreso de nivel nacional á vila danos moito orgullo, iso si, isto é posible grazas tamén á outra parte da organización, Galpon, que foron os primeiros en propoñer que se celebrara aquí en Melide.

- **A organización dun evento deste tipo non debe ser sinxela.**

- **J.L.:** Temos a sorte de que a organización a sostemos Melisa e Galpon, pero tamén contamos con moita xente que, sen formar parte activa destas asociacións, está detrás axudando o que facilita moito o noso traballo.

A maiores, están as persoas voluntarias que desinteresadamente nos van axudar durante os dous días que dura o evento.



Jorge Lama e Rafa Gayoso, membros da directiva da Asociación Melisa, o día da entrevista. / Foto: Cerne

Tamén temos socios colaboradores como: El Huevo de la Abuela e Juifi. Así como o apoio económico da Amtega e a colaboración do Concello de Melide.

- **Como se organiza un congreso desta repercusión?**

- **R.G.:** Como xa mencionaba Jorge, hai moito traballo pero non partimos de cero. Herdamos experiencia doutras edicións: documentación, procedementos, web e o sistema de envío de propostas xa están implementados. Iso facilita moitísimo as cousas e permítenos centrarnos en adaptar o congreso ao formato e aos espazos de Melide.

- **En que se nota esa “base” herdada?**

- **J.L.:** Sobre todo na recepción e xestión de propostas: está moi automatizado e reduce a carga de traballo. Ademais, intentamos practicar co exemplo: se algo xa está inventado e funciona, aprovéitase e compártese. Igual que nós herdamos, o que fagamos aquí servirá

para futuras edicións noutro lugar.

- **E como repartides tarefas no equipo?**

- **R.G.:** Con reunións periódicas e por partes. Hai quen leva a relación cos voluntarios; hai coordinación global e traballo “in situ” desde Melide; e desde GALPon tamén se asume a parte máis tecnolóxica, como a xestión da nube e a web.

- **Falastes varias veces de voluntariado. Que papel xoga no congreso?**

- **J.L.:** Total. Todo o equipo é voluntario: non se gañan cartos con isto, gáñase en experiencia e invertese tempo persoal. E iso nótase no traballo porque hai un cariño e unha implicación que non sempre existe noutros formatos.

- **Que lle dirías a alguén que dubida de ser acudir ou non ao Congreso?**

- **R.G.:** Anímoo a vir. Hai charlas e talleres moi interesantes, impartidos por grandes

referentes nesa área. Como xa mencionamos, o Congreso ten un compoñente de crear comunidade moi importante. Aquí pode entrar xente con curiosidade e vai atopar cousas interesantes.

- **Que nos podedes adiantar do programa?**

- **J.L.:** Pódese adiantar todo. Xa está o programa ao completo publicado na páxina web oficial (eslib.re). É un programa extenso porque hai varias actividades ao mesmo tempo, con moitas charlas, talleres e salas.

- **Como se estrutura esa programación?**

- **R.G.:** Todas as actividades (agás o acto de apertura e peche que terá lugar no Míngos de Pita) van ter lugar en catro aulas de xeito simultáneo do Edificio Multiusos. Haberá charlas expositivas, os talleres e as “salas de comunidade”, onde se lle cede un espazo a un colectivo para que organice contido con liberdade durante unha franxa horaria.

- **Un dos obradoiros que**

chama a atención é o de soldadura. En que consiste?

- **J.L.:** É un taller para iniciarse na soldadura electrónica e na electrónica básica: preparar unha placa, soldar compoñentes, entender conceptos sinxelos. Está pensado especialmente para rapazada a partir de 12 anos, que debe ir acompañada dun adulto, aínda que tamén poden participar adultos que queiran iniciarse.

- **Hai que inscribirse con antelación para ese taller?**

- **R.G.:** Non fai falta apuntarse antes: a anotación faise alí mesmo pola mañá. Iso si, hai poucas prazas (arredor de 15) polo material dispoñible e porque hai só 3 monitores.

- **Esta actividade a que hora sería?**

- **J.L.:** Será o sábado pola mañá, de 9.30 a 11.30 horas.

- **Tamén se confirmou un roteiro fotográfico por Melide. Como será?**

- **R.G.:** Está programado para o sábado pola tarde, de 18.30 a 19.30 horas, xusto despois do peche do congreso. A idea é facer un roteiro fotográfico polo municipio, guiado por persoal do Museo da Terra de Melide e con participación de xente de Wikimedia, para documentar recunchos e xerar material que poida ter uso divulgativo.

- **Como vai a inscrición?**

- **J.L.:** A día de hoxe estamos arredor das 120 persoas inscritas, e cremos que se pode chegar ás 170. Hai ademais un grupo importante de voluntariado (arredor de 25 persoas) e un número elevado de relatores, preto de 60 entre charlas, talleres e salas. En total, ao longo do congreso poden pasar por Melide unhas 200 persoas.

esLibre 2026

17 e 18 de abril
Melide





Congreso de cultura e tecnoloxías libres

Organizan:

-  Asociación MeLiSa (Melide)
-  Asociación GALPon (Pontevedra)

Galpon.org

Patrocinan:

-  AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA
-  Librebit

Colaboran:



MUSEO da TERRA de MELIDE



A comarca da Terra de Melide e a contorna prepáranse para unha avalancha de visitantes polo eclipse total do 12 de agosto


O fenómeno astronómico, que non se produce desde hai máis de 120 anos, converterá aos municipios de Melide, Santiso, Sobrado e Toques nuns dos puntos privilexiados de observación en Galicia.

O vindeiro 12 de agosto de 2026 marcará unha data singular na historia recente da Terra de Melide. Ese día, o ceo converterase no principal escenario dun fenómeno astronómico extraordinario: un eclipse total de sol que non se observa desde Galicia desde hai máis de 120 anos e que situará a comarca, xunto con outros municipios do interior coruñés, como un dos puntos privilexiados de observación en toda España.

Melide será un dos lugares onde o sol quedará completamente oculto, xunto con Sobrado, Santiso e Toques. Esta circunstancia xa está a xerar unha notable expectación, tanto entre afeccionados á astronomía como entre turistas e curiosos que planean desprazarse ata a zona para vivir un acontecemento único. A previsión é clara: a comarca prepárase para recibir unha auténtica avalancha de visitantes nunha xornada que combinará ciencia, curiosidade e impacto económico.

A importancia do evento levou ás administracións a iniciar con antelación os traballos de planificación. O subdelegado do Goberno na Coruña, Julio Abalde, mantivo recentemente unha reunión informativa con representantes de numerosos concellos galegos para coordinar as actuacións necesarias en materia de seguridade, mobilidade e emerxencias. No encontro participaron alcaldes e técnicos de municipios do interior compostelán, da Costa da Morte e do Barbanza, así como responsables da Administración Xeral do Estado e das forzas e corpos de seguridade.

Segundo se expuxo nesa xuntanza, o eclipse atraerá previsiblemente un



Imaxe na que se explica o que sucede para que se forme un eclipse total. / Foto: Turismo Galicia

elevado número de persoas a puntos concretos da provincia, polo que resulta imprescindible anticiparse e coordinar recursos. “Estamos ante un fenómeno excepcional que esixe planificación e coordinación para garantir a seguridade e unha boa experiencia para a cidadanía”, subliñou Abalde, quen destacou a necesidade de traballar de forma conxunta entre as distintas administracións.

Un dos aspectos centrais da planificación é a definición de puntos preferentes de observación. Os concellos deberán identificar espazos con boas condicións de visibilidade e capacidade suficiente para acoller grandes concentracións de persoas. Estes lugares permitirán organizar mellor os accesos, regular o tráfico e reforzar os servizos de emerxencias nos puntos con maior afluencia. No caso da Terra de Meli-

de, a dispersión xeográfica e a presenza de amplas zonas rurais abren a porta a múltiples localizacións potenciais, aínda que tamén supoñen un reto en termos de loxística e control.

Desde o punto de vista científico, o eclipse promete ser un gran acontecemento. Segundo os datos do Instituto Xeográfico Nacional, o fenómeno comezará ás 19.31 horas, alcanzará o seu máximo ás 20.28 e finalizará ás 21.22, cunha duración aproximada de 1 hora e 51 minutos. Durante varios minutos, a luz do día transformarase nunha estraña penumbra, cun descenso notable da temperatura e cambios perceptibles no comportamento da contorna.

No caso de Melide o eclipse total durará 56 segundos, en Santiso 46s, en Toques 1 minuto e 4 segundos, e en Sobrado 1 minuto e 9 segundos. Dende Turis-

mo Galicia lanzaron a través da súa páxina web unha entrada con toda a información precisa para desfrutar deste eclipse nos diferentes municipios galegos. Ademais, esta información está dividida por provincias e inclúe datos sobre o propio eclipse, un mapa interactivo con todos os concellos e indicacións para escolmar un lugar axeitado para observar dito fenómeno da astronomía.

As autoridades lembran, iso si, a importancia de seguir estritamente as recomendacións de seguridade. Non se debe mirar directamente ao sol en ningún momento, nin sequera cando estea parcialmente oculto. Para observar o eclipse é imprescindible empregar gafas especiais homologadas, deseñadas especificamente para este tipo de eventos, e mesmo con elas a observación debe facerse en períodos moi limitados

de tempo. A protección da vista é unha prioridade absoluta para evitar danos oculares irreversibles.

O impacto do eclipse xa se deixa notar no ámbito económico e turístico da comarca. Melide e Arzúa, dous dos principais núcleos da zona e habituais puntos de paso de milleiros de peregrinos polo Camiño Francés, presentan unha alta ocupación hoteleira para as noites do 11 e 12 de agosto. De feito, resulta complicado atopar aloxamentos por menos de 150 euros a noite, unha situación que evidencia o interese xerado polo fenómeno. Ante este escenario, moitos visitantes están a optar por alternativas como pensións, casas rurais ou albergues, onde aínda é posible atopar prazas a prezos máis moderados.

O sector hostaleiro observa o acontecemento con expectativa, consciente de que o eclipse pode supoñer un impulso económico puntual pero significativo. Restaurantes, bares e comercios locais prepáranse para unha xornada intensa, na que a afluencia de visitantes podería superar amplamente a dun día normal de verán. Ao mesmo tempo, os concellos son conscientes da necesidade de compatibilizar esta oportunidade co benestar da veciñanza e a correcta prestación dos servizos públicos.

Este eclipse total será o primeiro dos tres que se poderán observar desde España nos próximos anos, coñecidos como o Trío de Eclipses 2026-2027-2028. Galicia, e en particular o interior da provincia da Coruña, converterase así nun referente para a observación astronómica a nivel estatal durante este verán, máis concretamente en agosto.

SONIA SEGADE , EL DÁNDOLO E SUEÑOS

“Se todo o mundo comprara no comercio local o do día a día non pecharían as tendas de proximidade”

- Para quen non a coñeza, contanos que tipo de tenda é Sueños e El Dándolo.

- **Sonia Segade:** Temos roupa de neno e nena de cero a dezaioito anos. Despois temos tamén de adulto, máis ben de chico, con marcas como Guess ou Petrol. E logo en época de eventos traballamos moi ben con roupa de festa de señora, ata a talla 56.

- **No apartado de neno, é só roupa de vestir ou tamén tendes outros produtos?**

- **S.S:** Temos un pouco de todo. De cero a dezaioito anos temos tanto roupa de vestir como de deporte ou incluso roupa interior, de todo. Traballamos moito con Mayoral que unha das súas grandes vantaxes é que conxunta todo: pantalóns, camisetas...levas o conxunto todo combinado.

- **A clientela vai á tenda polas marcas ou simplemente a buscar o que necesita?**

- **S.S:** As dúas cousas. Por exemplo, os de Petrol e Guess veñen pola marca, porque lles gusta moito especialmente o pantalón vaqueiro. E de nenos, as avoas que van facer regalos xa saben que Mayoral ten boa calidade-prezo de toda a vida. Pero en xeral a xente vén a comprar o que necesita. Eu traballei con varias marcas e ao final a que mellor lle vai á nosa clientela para os nenos e nenas é Mayoral, así que prefiro cargar máis diso e non complicarme a vida con cincuenta marcas.

- **Notaches cambios nos gustos da clientela nos últimos anos?**

- **S.S:** Moito. Antes vendíase moito vestido, agora véndese moito conxunto de pantalón para señora. A xente tírase cara ao máis cómodo. Os nenos, por exemplo, non queren nada que



Sonia Segade, responsable de Sueños e El Dándolo, comercio de proximidade de Melide / Foto: Cerne

non sexa chándal ou roupa casual. As nais veñen desesperadas cando teñen unha voda porque os fillos non queren poñer outra cousa.

- **E os prezos, subiron moito?**

- **S.S:** Desde a pandemia si que houbo unha suba en case todas as marcas, pero nos últimos dous anos mantívose. En Mayoral notámolo, as cazadoras subiron de corenta e catro noventa a cincuenta e pico, pero agora volveron outra vez ao prezo anterior. Incluso algúns conxuntos que chegaron a vinte e oito noventa están outra vez a vinte e catro ou vinte e cinco euros.

- **Que che parecen iniciativas como os bonos Activa Comercio ou os Días Azuis?**

- **S.S:** Para nós son un aliado moi grande. Este ano, por exemplo, o mes de novembro, que tradicionalmente era un mes malo, foi moi bo. Xuntáronse co

Bono da Deputación da Coruña e foi un moi bo mes. Con estas iniciativas a clientela anímase a comprar nun período de tempo no que non o soe facer. E ademais non notamos que compren en novembro para adiantar os regalos de Nadal, como di moita xente, polo menos no noso caso.

- **Que destacarías do comercio local fronte ás grandes superficies ou ás compras en liña?**

- **S.S:** O trato cara a cara, sobre todo. Aquí sempre empacamos as cousas con cariño, tes un detalle cos clientes, coñécelos. Eu, por exemplo, venme xente á tenda para regalarlle algo a outra cliente ou cliente e e sei a talla que levan, polo que podo aconsellar moito mellor que nunha gran superficie ou en internet. Vén unha avoa a mercar un regalo e xa lle digo eu que talla ten o neto. Iso non o tes nunca nunha gran superfi-

cie. E ademais, se hai algún problema cunha prenda, aquí atópase sempre solución.

Comprendo que, especialmente, para idade máis novas como adolescentes, comprar por internet é máis cómodo ou atractivo pero no meu caso aos meus fillos sempre lles inculco moito a importancia de compra na vila. Non obstante, é certo que eu teño esta sensibilidade co tema e me preocupo porque eles compren aquí por mor de que tamén teño un comercio local.

- **Como decidiches facerte cargo dunha tenda familiar?**

- **S.S:** A miña nai levaba vinte e cinco anos cunha tenda de señor e señora. Cando ela se xubilou deume moita pena que pechara, porque hai cousas básicas, un pantalón de señor, unha saia, que non hai onde compralos e ela non quería deixar

tirada esa clientela de tanto tempo. Así que fun collendo pouco a pouco o que ela tiña, sen abandonar o de neno, que é o meu forte. E a verdade é que aínda teño clientes de Curtis, de Palas de Rei, de toda a contorna que viñan á tenda de miña nai e seguen vindo.

- **Que previsións tes para o verán?**

- **S.S:** Animámonos moito co bo tempo, pero si temos algo de medo polo peche de tendas dos últimos tempos. Especialmente temos ese medo con clientela de concellos como Monterroso ou Palas de Rei que poden deixar de vir a Melide comprar polo peche de diversas tendas e prefiran ir a Lugo, onde teñen unha maior oferta de comercios. Pero Melide ten a favor que vir aquí é unha costume moi arraigada, e co domingo de mercado e a Semana Santa xa se nota o movemento de xente de fóra. En definitiva, canto máis comercio haxa, mellor para todos. Cada tenda que pecha é unha mala noticia para as demais.

- **Algo que queiras destacar para rematar a entrevista?**

- **S.S:** Que a xente compre no comercio local. Se todo o mundo participara niso aínda que fose nun vinte por cento, non pecharían as tendas que pechan. Non pido que compren todo aquí, pero o do día a día si. Con iso xa chegaba.

A maiores, teño que dicir que nós estamos moi contentas coa clientela porque nunca tivemos problema con ninguén e teñen moita confianza en nós e no noso traballo.


**El Dándolo
e Sueños**

**Rúa do Convento, 15
15800, Melide
Tif: 981 50 71 87**



CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora

